

ADXUDICACIÓN

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia, SA) convocou un Procedemento Aberto para a contratación da subministración, “**SUSP210101 - Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública na Autoestrada AG-53. Alto de Santo Domingo - A-52. Subministración e Instalación de Luminarias.LOTE1- Enlace coa N-525 en Piñor. LOTE 2- Enlace coa OU-504 en Cea**” cumpríndose os trámites en materia de contratación, así como os requisitos establecidos no Prego de Bases.

Realizados os estudos pertinentes pola Mesa de Contratación, e de acordo coa proposta formulada pola mesma o Consello de Administración de SPI-Galicia na reunión celebrada o día 21 de maio de 2021, clasificou (por orde decrecente) as proposicións presentadas polos licitadores non excluídos. Presentada a documentación en prazo por parte das empresas clasificadas en primeiro lugar.

O Presidente de SPI Galicia, SA resolve:

Primeiro.- Adxudicar o Contrato ás empresas:

LOTE 1. “Enlace coa N-525 en Piñor”, a **INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.** por un importe de **Vinteseis mil sesenta e oito euros e oitenta céntimos (26.068,80 €) IVE non incluído**, e un prazo de garantía de 8 anos.

LOTE 2. “Enlace coa OU-504 en Cea”, a **HALLMANN ENERGIE, S.L.** por un importe de **Catorce mil trescentos dez euros (14.310,00 €) IVE non incluído**, e un prazo de garantía de 8 anos.

Segundo.- Que polas empresas adxudicatarias se proceda á firma do contrato na contía, forma e prazos que determina o Prego de Bases.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso en materia de contratación de acordo co estipulado na LCSP segundo se recolle no apartado 2.1. do Prego.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Presidente do Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A.
Francisco Menéndez Iglesias

